


Exercicios UD VII

- Constrúe 2 cadeas alimentarias cos seguintes grupos de organismos:
 - Miñoa, restos de plantas, merlo e raposo.
 - Muraño, raposo, cobra, follas de carballo, eiruga de bolboreta e escaravello.
- Utiliza as cadeas anteriores para poñer exemplos da seguinte afirmación “ *Dous organismos pertencen ó mesmo nivel trófico cando están separados dos produtores o mesmo número de elos*”
- Que sucedería nun ecosistema se non houbo descompoñedores?
- Por que a enerxía non describe un ciclo pechado como fai a materia?
- Será a mesma a biomasa dunha pradaría no verán que no inverno? Razona a túa resposta
- Os datos numéricos dos individuos dos diferentes niveis de dous ecosistemas A (unha pradaría no verán) e B (unha fraga en inverno), son os seguintes:

	Pradaría (g de C/cm ³)	Fraga (g de C/cm ³)
Produtores	1.500.000	200
Consumidores primarios	200.000	150.000
Consumidores secundarios	90.000	120.000
Consumidores terciarios	1	2

- Representa as 2 pirámides numéricas
 - Por que pensas que unha pirámide está invertida e a outra non?
- Un campo de alfalfa en período de crecemento posúe unha produtividade bruta de 56g de materia seca/m²/día. Sabendo que a produtividade primaria neta do mesmo é de 49g de materia seca/m²/día, calcular a porcentaxe de materia utilizada na respiración.
 - A produción neta primaria dun ecosistema é de 8,5g/m²día. Se consume un 42% do que produce na respiración, calcula cal é a súa produción bruta,
 - O seguinte esquema amosa o fluxo de enerxía nun ecosistema, expresado en Kcal/m²/año:
Luz total: 1.000.000



- Que representan as letras A e B deste esquema?
- Calcula a eficacia fotosintética.
- Explica a trasfega de enerxía representada utilizando os termos correctos.

10. Unha centola pesa de nova uns 50g. Ós 6 meses ten un peso de 500g. Nese tempo comeu:
- 205 lorchos de 70g
 - 53 caramuxas de 25g
 - 42 mexillóns de 30g

Calcula a produción bruta, a produción neta e os gastos de metabolismo (respiración) da centola.